

Xa pasaron os tempos nos que os galegos acudían con submisión reverencial á consulta do seu médico e aceptar sen case explicacións os diagnósticos e tratamentos propostos. Agora está aceptado universalmente que a asistencia debe xirar en torno aos doentes, e que estes teñen todo o dereito a participar de forma determinante nas decisións que os implican; por iso os doentes deben recibir unha información comprensíbel e axeitada ao seu nivel. É cando un está doente no momento que máis precisa da posibilidade de expresarse sen ataduras da maneira que máis cómoda lle resulta, e tamén por suposto cando a información debe ser ben entendida da maneira máis clara. Por iso os traballadores do mundo da saúde temos unha obriga moral e humana de apoiar á xente no duro traxe da enfermidade, e no camiño da súa comprensión e aceptación, animándoos a expresarse e recibir información na lingua que máis entendíbel lles resulte. Ao pasear polos corredores e salas dos hospitais galegos é inevitábel escoitar a gran parte dos usuarios e traballadores expresarse en galego con normalidade, dá gusto ver como se van superando os prexuízos, complexos e estereotipos que se asocian tradicionalmente aos galego falantes. Pódese facer coñecemento en galego, pódese facer ciencia en galego, e por suposto tamén se pode facer saúde en galego. E débese, é de xustiza.

Alexo López
Médico anestesiasta

DO GALEGO